

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0346	Formación e orientación laboral	2025/2026	0	107	0
MP0346_12	Prevención de riscos laborais	2025/2026	0	45	0
MP0346_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2025/2026	0	62	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA MIRÁS PALACIOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0346_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización
(MP0346_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral
(MP0346_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de servizos á comunidade
(MP0346_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo
(MP0346_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados
(MP0346_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións
(MP0346_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Integración Social
(MP0346_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0346_12) CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
(MP0346_22) CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Integración Social e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual
(MP0346_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras
(MP0346_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces
(MP0346_12) CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais

Crterios de avaliación do currículo
(MP0346_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo
(MP0346_12) CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente
(MP0346_22) CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas
(MP0346_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores
(MP0346_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo
(MP0346_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de servizos á comunidade
(MP0346_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo
(MP0346_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais
(MP0346_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros
(MP0346_22) CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo
(MP0346_22) CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
(MP0346_22) CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo
(MP0346_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos
(MP0346_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade
(MP0346_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral
(MP0346_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Integración Social
(MP0346_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres
(MP0346_22) CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral

Criterios de avaliación do currículo
(MP0346_22) CA2.9.1 Determináronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral
(MP0346_22) CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa
(MP0346_22) CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución
(MP0346_22) CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo
(MP0346_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa
(MP0346_22) CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía
(MP0346_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
(MP0346_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social
(MP0346_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos
(MP0346_12) CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais
(MP0346_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia
(MP0346_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén
(MP0346_12) CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Integración Social
(MP0346_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título
(MP0346_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos
(MP0346_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea
(MP0346_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
(MP0346_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo

Criterios de avaliación do currículo
(MP0346_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade
(MP0346_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias
(MP0346_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0346_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de servizos á comunidade
(MP0346_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo
(MP0346_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións
(MP0346_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Integración Social
(MP0346_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0346_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Integración Social
(MP0346_12) CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles
(MP0346_12) CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Integración Social
(MP0346_12) CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Integración Social

Criterios de avaliación do currículo
(MP0346_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran
(MP0346_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral
(MP0346_22) CA2.9.2 Elaboración de un finiquito
(MP0346_22) CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa
(MP0346_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos
(MP0346_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico
(MP0346_12) CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse
(MP0346_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais
(MP0346_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo
(MP0346_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas
(MP0346_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Integración Social
(MP0346_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral
(MP0346_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Integración Social
(MP0346_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O alumno ten que ser capaz de:

1. Distinguir as fontes que regulan a relación laboral.
2. Asimilar o concepto de contrato de traballo.

3. Interpretar os conceptos dunha liquidación de haberes e realizar os cálculos dunha nómina sinxela.
4. Analizar os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.
5. Coñecer os distintos tipos de contratos de traballo.
6. Coñecer as consecuencias da modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
7. Coñecer os pasos de toda negociación colectiva, o concepto de convenio colectivo e a función dos sindicatos na empresa.
8. Distinguir as diversas prestacións da Seguridade Social e realizar cálculos sinxelos sobre as mesmas.
9. Coñecer cales son os factores de risco no traballo.
10. Distinguir as diferentes técnicas de prevención e protección contra os riscos profesionais.
11. Saber actuar en caso de accidente de traballo.
12. Coñecer os puntos básicos dos primeiros auxilios.
13. Realizar un plan de prevención sinxelo sobre unha empresa do sector.

En concreto:

UF1: Prevención de riscos laborais

- Identificar, en situacións de traballo tipo, os factores de risco existentes.
- Describir os danos á saúde en función dos factores de risco que os xeneran.
- Identificar as medidas de protección e prevención en función da situación de risco.
- Identificar a prioridade de intervención no suposto de varios lesionados, conforme ó criterio de maior risco vital intrínseco de lesións.
- Identificar a secuencia de medidas que deben ser aplicadas en función das lesións existentes.

UF2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego

- Identificar as distintas modalidades de contratación laboral existentes no sector productivo que permite a lexislación vixente.
- Interpretar os diversos conceptos que interveñen nunha liquidación de haberes.
- Nun suposto de negociación colectiva tipo, describir o proceso de negociación.
- Identificar as variables (soldos, seguridade e hixiene, produtividade, tecnoloxías.....), obxecto dunha negociación.
- Describir as posibles consecuencias e medidas, resultado da negociación.
- Identificar as prestacións e obrigas relativas á Seguridade Social.
- Traballar as técnicas de dinámicas de grupos que favorezan a adaptación de todos os alumnos ao grupo-aula.
- Coñecer a formación de grupos informais nos alumnos e tratar de orientar establecendo metas comúns que sexan perseguidas por todo o grupo de traballo.
- Favorecer a toma de decisións persoais dentro do grupo.
- Aplicar determinadas dinámicas de grupo que permitan a adecuación dos membros e o desenvolvemento de obxectivos.
- Coñecer que é conveniente ter en conta ao analizar un conflito.

- Identificar as formas de exteriorización e solución de conflitos.
- Describir os aspectos a ter en conta na etapa de primeiros pasos dunha negociación.
- Realizar un proxecto personal de búsqueda de emprego

Para acadar a avaliación positiva deberá superar as seguintes probas:

Proba teórica: Cuestionario de 50 preguntas tipo test. Cada pregunta correcta terá unha puntuación de 0,20 puntos e cada pregunta incorrecta descontará 0,10. A nota do exame calcularase do seguinte xeito: $NOTA = N^{\circ} \text{ preguntas correctas} \times 0,20 - N^{\circ} \text{ preguntas incorrectas} \times 0,10$. As respostas en branco non descontarán puntuación. O alumno deberá obter un 5 como mínimo para a superación da proba.

Proba práctica consistirá en 8 casos prácticos:

- 3 relativos a U.F.1: Prevención de riscos laborais
- 5 relativos a U.F.2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego.

Cada unidade formativa ten que ter unha nota mínima para poder aprobar o exame :

- U.F.1:Prevención de riscos laborais: Mínimo 1,5 puntos -Máximo 4 puntos.
- U.F.2:Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego: Mínimo 2,5 puntos -Máximo 6 puntos.

A nota final será o resultado de sumar os puntos obtidos en cada unha das unidades formativas tendo en conta os límites mínimos de cada unidade xa que se non se acadan ,esa parte non estaría superada. Para aprobar terá que obter unha puntuación total dun 5 (tendo en conta os mínimos antes mencionados)

A puntuación estará comprendida entre 0 e 10.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Proba teórica: Cuestionario de 50 preguntas tipo test: 20 preguntas da UF1; 30 preguntas UF2. A UF1 terá un peso do 40% do módulo, e a UF2 terá un peso do 60%. Cada pregunta correcta terá unha puntuación de 0,20 puntos e cada pregunta incorrecta descontará 0,10. A nota do exame calcularase do seguinte xeito: $NOTA = N^{\circ} \text{ preguntas correctas} \times 0,20 - N^{\circ} \text{ preguntas incorrectas} \times 0,10$. As respostas en branco non descontarán puntuación. O alumno deberá obter un 5 como mínimo para a superación da proba.

Tempo máximo de realización da proba: 90 minutos

Material necesario: bolígrafo azul.

4.b) Segunda parte da proba

Proba práctica consistirá en 8 casos prácticos:

- 3 relativos a U.F1: Prevención de riscos laborais. A UF1 terá un peso do 40% do módulo.

- 5 relativos a U.F.2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego. A UF2 terá un peso do 60% do módulo.

Cada unidade formativa ten que ter unha nota mínima para poder aprobar o exame :

- U.F1:Prevención de riscos laboráis: Mínimo 1,5 puntos -Máximo 4 puntos.

- U.F 2:Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego: Mínimo 2,5 puntos -Máximo 6 puntos.

A nota final será o resultado de sumar os puntos obtidos en cada unha das unidades formativas tendo en conta os límites mínimos de cada unidade xa que se non se acadan ,esa parte non estaría superada.Para aprobar terá que obter unha puntuación total dun 5 (tendo en conta os mínimos antes mencionados)

A puntuación estará comprendida entre 0 e 10.

Tempo máximo de realización da proba 90 minutos

Tempo de realización: 90 minutos.

Material necesario: bolígrafo azul e calculadora.